



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº5/2019 (1/2019 DO MANDATO 2019-2023), EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA, REALIZADA O 15 DE XUÑO DE 2019.

ASISTENTES

Concelleiros/as electos/as

JOSE MANUEL MONTES MARTINEZ (PP)
FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)
JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO (PP)
MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ (AdV)
MARGARITA RAMILO VARELA (PP)
JESUS JAVIER CETINA MOCHALES (PSdeG-PSOE)
FLORINDA DUARTE GERPE (PP)
SUSANA GUIMAREY GARCÍA (AdV)
PABLO COUTO LOPEZ (PSdeG-PSOE)
DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO (PP)
RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ (AdV)
LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO (PSdeG-PSOE)
FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA (AdV)

Técnica de Administración Xeral do Concello

SONIA CAMPOS ARES

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO


Secretario do Concello

DIEGO GARCIA DOVAL

HORA DE INICIO: 12:00

HORA DE REMATE: 12:24

No Salón de Plenos da Casa do Concello, sendo as 12:00 horas do 15 de xuño de 2019, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde (en administración ordinaria, art. 194.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, LOREX en adiante) mediante decreto do 12 de xuño de 2019, no que se indicaba que “ *En uso da atribución que me confere o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante) (en administración ordinaria, segundo o artigo 194.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, LOREX en adiante)*, e en cumprimento do establecido nos artigos 195.1 da LOREX, segundo o cal “*Las Corporaciones municipales se constituyen en sesión pública el vigésimo día posterior a la celebración de las elecciones, salvo que se hubiese presentado recurso contencioso-electoral contra la proclamación de los concejales electos, en cuyo supuesto se constituyen el cuadragésimo día posterior a las elecciones*”, e 37 do Real



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) convoco **sesión extraordinaria constitutiva do PLENO, para o sábado 15 de xuño de 2019, ás 12:00 horas** (en caso de que non concorreren, ou non se puidesen comprobar as credenciais de polo menos a maioría absoluta dos/as Concelleiros/as electos, realizárase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación, calquera que fose o número de Concelleiros/as presentes) **no Salón de sesións da Casa do Concello (...)**, reúnense na sesión 5/2019 (1/2019 do mandato 2019-2023), de carácter extraordinario e constitutivo, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as electos/as expresados/as con anterioridade, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA


- 1.-Constitución da Corporación (mandato 2019-2023).
- 2.- Elección do Señor Alcalde-Presidente.

1.-CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN (MANDATO 2019-2023).

Segundo a copia da acta de proclamación de electos remitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña que consta no expediente da sesión, as candidaturas presentadas ás eleccións locais realizadas o 26 de maio de 2019, os/as concelleiros/as electos/as de entre elas foron os/as seguintes:

Alternativa dos Veciños (AV)	(1).-Gestal Pose, francisco javier
1.503 votos	(2).-Guimarey García, Susana
5 electos/as	(3).-Bello Hermida, Francisco javier
	(4).- Caamaño Rodríguez, Rubén Antonio
	(5).- Caridad López, María Mercedes

Partido Popular (PP)	(6).-Fernández Mouriño, José Luis
1.306 votos	(7).-Fernández Balseiro, José Luis
5 electos/as	(8).-Ramilo Varela, Margarita
	(9).- Montes Martínez, José Manuel
	(10).- Duarte Gerpe, Florinda



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Partido dos Socialistas de Galicia- PSOE (PSdeG-PSOE)	(11).-Couto López, Pablo
831 votos	(12).-Cetina Mochales, Jesús javier
3 electos/as	(13).-Vázquez Mouriño, Lucía

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
112 votos
0 electos/as

Plataforma Electores Asemblea de Carral
98 votos
0 electos/as

Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (Cs)
77 votos
0 electos/as

De acordo co establecido no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX en adiante) “1.- Las Corporaciones municipales se constituyen en sesión pública el vigésimo día posterior a la celebración de las elecciones, salvo que se hubiese presentado recurso contencioso-electoral contra la proclamación de los concejales electos, en cuyo supuesto se constituyen el cuadragésimo día posterior a las elecciones.

2. A tal fin, se constituye una Mesa de edad integrada por los elegidos de mayor y menor edad, presentes en el acto, actuando como secretario el que lo sea de la Corporación.

3. La Mesa comprueba las credenciales presentadas, o acreditaciones de la personalidad de los electos con base a las certificaciones que al Ayuntamiento hubiera remitido la Junta Electoral de Zona.

4. Realizada la operación anterior, la Mesa declarará constituida la Corporación si concurren la mayoría absoluta de los concejales electos. En caso contrario, se celebrará sesión dos días después, quedando constituida la Corporación cualquiera que fuere el número de concejales presentes”, e, de acordo co establecido no artigo 196.1 LOREX, nesta mesma sesión se procederá á elección do señor Alcalde, segundo o procedemento indicado no mesmo artigo.

Así, en aplicación do establecido no artigo 195.2 LOREX, o Secretario do Concello solicita aos señores/as Concelleiros/as electos de maior e menor idade presentes na sesión (José Manuel Montes Martínez (PP), e Francisco Javier Bello Hermida (AdV) respectivamente -previa comprobación de ser a data de nacemento deste último a máis tardía entre as dos/as concelleiros electos/as, ante as dúbidas expresadas por algún dos membros electos da Corporación), que se acheguen ao estrado para constituir a mesa de idade e, logo de comprobar as súas credenciais e DNI, e de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

verificar que ambos os dous presentaron cadansúas preceptivas declaracións de bens e intereses, o Secretario pregunta ao señor Montes Martínez se xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Carral e Presidente da mesa de idade nesta sesión constitutiva da Corporación, con lealdade a El-Rei , e gardar e facer gardar a Constitución coma norma fundamental do Estado, ao que contesta que si xura e promete, toma posesión do seu cargo, e impónselle a medalla de Concelleiro do Concello de Carral.

O señor Presidente da mesa de idade toma promesa ou xuramento coma Concelleiro e vogal máis novo da mesa de idade ao señor Bello Hermida, quen, usando a mesma fórmula legal, promete, toma posesión do seu cargo, e impónselle a medalla de Concelleiro do Concello de Carral.

A seguir, a mesa de idade, por voz do seu Presidente, chama ao estrado por orde decrecente de idade aos/ás restantes Concelleiros/as electos/as (Francisco Javier Gestal Pose (AdV), José Luis Fernández Mouriño (PP), María Mercedes Caridad López (AdV), Margarita Ramilo Varela (PP), Jesús Javier Cetina Mochales (PSdeG-PSOE), Florinda Duarte Gerpe (PP), Susana Guimarey García (AdV), Pablo Couto López (PSdeG-PSOE), David Fernández Balseiro (PP), Rubén Antonio Caamaño Rodríguez (AdV), Lucía Vázquez Mouriño (PSdeG-PSOE)) e, logo de comprobarse cadansúa credencial e DNI coa copia da acta de proclamación que ao Concello remitiu a Xunta Electoral de Zona, e de verificar que todos/as eles/as presentaron cadansúas preceptivas declaracións de bens e intereses, empregan a mesma fórmula legal indicada para prometer ou xurar (todos/as prometen, agás os señores Gestal Pose e Fernández Mouriño, que xuran, e as señoras Caridad López e Vázquez Mouriño, que xuran e prometen), e toman posesión de cadanseus cargos coma Concelleiros/as, e asemade reciben a correspondente medalla de Concelleiro/a do Concello de Carral.


Logo de realizar a operación anterior, a mesa de idade declara constituída a Corporación por concorrer todos/as os/as Concelleiros/as electos/as e tomar posesión de cadanseus cargos.

2.- ELECCIÓN DO SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE.

O artigo 196.1 LOREX establece que:

“En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

- a. Pueden ser candidatos todos los concejales que encabezen sus correspondientes listas.*
- b. Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los concejales es proclamado electo.*
- c. Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el concejal que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo. (...).”*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Señor Presidente da mesa pregunta que candidaturas se presentan á Alcaldía, e únicamente os señores Gestal Pose e Fernández Mouriño, cabezas de lista respectivos das formacións políticas Alternativa dos Veciños e Partido Popular, que obtiveron representación na Corporación, presentan as súas.

Tendo en conta que, de acordo coa normativa vixente, se pode proceder á elección do Alcalde mediante votación ordinaria a man alzada, votación por chamamento nominal, ou votación secreta mediante papeleta en urna, decídese por asentemento dos/as trece Concelleiros/as que forman a Corporación que a votación sexa ordinaria, a man alzada.

Sometidas a votación as dúas candidaturas presentadas á Alcaldía, a do señor Gestal Pose obtén oito votos (cinco dos/as señores/as concelleiros/as da lista de Alternativa dos Veciños e tres dos/as señores/as concelleiros/as da lista do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e a do señor Fernández Mouriño obtén cinco votos dos/as señores/as concelleiros/as da lista do Partido Popular.

Dado que obtivo a súa candidatura á Alcaldía a maioría absoluta dos votos, que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, a mesa proclama electo coma Alcalde ao señor Gestal Pose.

O presidente da mesa de idade toma xuramento ao señor Gestal Pose, quen promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Carral, con lealdade a El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución coma norma fundamental do Estado, e toma posesión do seu cargo.

O señor Presidente da mesa de idade faulle entrega da vara de Alcalde-Presidente do Concello de Carral, e o señor Gestal Pose pasa a presidir a sesión, e toma a palabra para dar as grazas a todos os veciños de Carral, tanto aos presentes na sala coma aos que non están, por terlle brindado esta oportunidade tan grande. Engade que durante estes catro anos tentarán por todos os medios posibles facelo o mellor que poidan, e que coida que o acadarán pouco a pouco, con catro anos de moito traballo, porque ten detrás un grupo extraordinario. Manifesta que non quere esquecer neste intre aos seus compañeiros que o acompañaron durante toda a campaña, pois considera que foi espectacular o apoio que obtivo deles e como traballaron, e indica que non ten palabras para agradecérllelo. Manifesta que tamén quere dar as grazas aos seus compañeiros de traballo e que quere que saiban que vai seguir sendo un compañeiro máis. Pídelles o seu apoio para tentar entre todos facelo o mellor que poidan, e considera que o van conseguir. Dá as grazas tamén a todos os grupos políticos por ter unha corrección moi grande durante toda a campaña. Por último, reitera o seu agradecemento e manifesta de novo que o intentarán facer o mellor que poidan.

Finalizada a súa intervención, proceden o señor Alcalde (Francisco Javier Gestal Pose) e o señor Alcalde cesante (José Luis Fernández Mouriño) á sinatura da acta de arqueo elaborada pola Intervención e a Tesouraría do Concello, e a tomar razón do informe da Secretaría do Concello 8/2019, do 15 de xuño, relativo ao inventario municipal de bens e dereitos.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 12 horas e 24 minutos, o Señor Alcalde



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

remata a sesión, da que estendo a presente acta, que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval